

LA HOJARASCA

Macu Machín, 2024

1387

ESTREA EN NUMAX: 07.10.2024 | V.O. | 72 min

Elsa e a súa irmá menor Maura, regresan á casa natal tras máis de 20 anos. Alí vive Carmen soa, a súa outra irmá, que mantén as precarias propiedades familiares. A doenza dexenerativa de Maura non para de avanzar, mentres Elsa pretende resolver con Carmen a partilla da herdanza de seus pais. Entre colleitas da améndoa e discusións nunca rematadas, agroman vellos conflitos que parecen espertar o rumor do volcán.

Un híbrido entre documental e ficción con elementos de suspense e misterio que está protagonizada pola familia real da directora: as súas dúas tías e a súa nai.

«O bo cinema sempre ensina algo e este filme ensina moito»

Jordi Batlle, LA VANGUARDIA



Entrevista con Macu Machín: «O meu filme é tan ficcional como un western de John Ford»

Por Sandra Martín

Para empezar, quería preguntarte pola construción do guión. A historia está situada nunha zona rural, as protagonistas son tres irmás que á súa vez o son na vida real e que teñen un parentesco directo contigo. Á hora de escribir o guión, como o enfocaches? Que parte hai de ficción e que parte de biografía persoal?

Todo é biográfico, en realidade. Nós vivimos en Gran Canaria e houbo un proceso de escritura de guión no que me fun coa miña nai á Palma, coa miña pequena cámara e unha gravadora, para capturar as súas anécdotas da infancia: ver como torran os cereais para o gofio, a vendima ou a recollida das améndoas. Estiven durante un ano indo nos cambios de estación para ver que sucedía ao redor de cada proceso climático e da terra. O reencontro entre as irmás estaba a producirse mentres se desenvolvía o proxecto con elas. Durante o proceso estaba a ter lugar ese vínculo, esas ganas de xogar e ese desexo de volver verse. De aí saquei moitas ideas para o guión, de transcricións, de conversas... pero sabía que todo iso non podía trasladalo á escena e ficcionalo porque non son actrices e non quería que parecese algo de cartón pedra nin quería que fose forzado. Eu coñecíaas ben, fora moitas veces á Palma e desde a infancia sabía que se creaban dinámicas especiais sempre que iamos alí. Quería retratar a dinámica que se produce entre as irmás cando están xuntas. Claro que tamén había un proceso de fabulación pola miña banda, pensaba: "oxalá sucedese isto..." e sinceramente ao final si sucederon esas cousas. Non todo ao pé da letra pero si a esencia das escenas. Xusto antes de rodar dáballes algunhas ideas e empezabamos a ensaiar coa cámara ata que empezaban a suceder cousas de maneira natural, espontánea. Iso era o que me apetecía atopar, o verdadeiro, o auténtico, os xestos, os silencios, esa maneira de falar tan especial que teñen elas.

A túa película clasificouse como ‘documental’ dentro da Berlinale. Estás de acordo? Crees que se axusta ao teu traballo? [Suspira] Para min é tan ficcional como un western de John Ford. O cinema que me interesa é ese cinema que xoga nas marxes e con liberdade, de maneira que cando un lle pon a etiqueta é como que encapsula, que limita as cousas. Résultame máis cómodo o xénero de non ficción, que é outra etiqueta que tamén encapsula as cousas, pero digamos que é un termo máis híbrido porque si que hai parte documental. Sorprendeume cando se clasificou como documental porque eu as forcei a se reunir na Palma e a representar a partilla das terras. Hai outras partes nas que si traballamos máis a fondo, como aquelas escenas nas que discuten ou os momentos de clímax. Cando lles indicaba que tiñan que discutir quería que entendesen que todo relato necesita un conflito. Expúñao como un xogo e non o cuestionaban porque o importante era que confiaban en min. Déronse conta de que eu non ía ter ningún posicionamento, que non as ía a xulgar nin ía falar de malos e bos. Necesitaba que comprendesen iso desde o inicio porque eu tamén estou atravesada polo propio conflito.

Dáme a sensación de que apostas por transmitir emocións a través dos xestos, as miradas, o silencio. Si, e de feito un dos retos fundamentais na montaxe, que foi un proceso longo, foi o de quitar moito diálogo. Tratábase de ver como mostrar todo pero sen necesidade de que o dixesen todo, logralo a través das súas peles, do corpo, dos seus xestos e miradas. O xogo na montaxe foi o de quedarnos cos mínimos elementos indispensables na película para que se puidese sentir toda esa carga de moitos anos, de corpos que levan cargando cousas en silencio.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Panza de burro,
Andrea Abreu,
Editorial Barrett, 2020

Tefra,
Viviana Troya,
Consonni, 2022